



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA. DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

ACORDO do 13 de maio do 2026 do Departamento Territorial de Lugo, polo que se anuncia o levantamento das actas previas á ocupación de bens e dereitos afectados por unha instalación eléctrica no concello de Monforte de Lemos. Expediente IN407A 2024/168-2

Con data 10 de decembro de 2025 o departamento territorial de Lugo ditou resolución, pola que se outorgan á empresa UFD Distribución Electricidad S.A. as autorizacións administrativas previas e de construción, e se recoñece, en concreto, a utilidade pública, da instalación eléctrica denominada "Regulamentación LMTA MOF808 en tramo entre apoios núm. 68 e núm. BP0NKRQ7 (modificado 1)".

Esta declaración de utilidade pública, segundo o disposto no artigo 54 da Lei 24/2013 do 26 de decembro do sector eléctrico, implica a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e a súa urxente ocupación ós efectos do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954.

De acordo co anterior, este departamento territorial, en cumprimento do disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, resolve convocar a tódalas persoas afectadas coas que non se chegou a un acordo, incluídas na relación de bens e dereitos que se insire como Anexo a este acordo e que se expón tamén no taboleiro de anuncios do concello de Monforte de Lemos deducida da que se someteu a información pública no diario El Progreso do 24 de xullo de 2025 e no Diario Oficial de Galicia do 7 de agosto de 2025, para que comparezan o día **30 de setembro do 2026 no concello de Monforte de Lemos** sinalado como punto de reunión para, de conformidade co procedemento que se establece no citado artigo, levar a cabo o levantamento das actas previas á ocupación.

Desta convocatoria darase traslado ós interesados mediante a oportuna citación individual, na cal se sinalará día e hora para o levantamento das actas previas. Así mesmo, no taboleiro de anuncios do concello de Monforte de Lemos estará exposta a data do levantamento das actas. Todos os interesados, así como as persoas que sexan titulares de calquera clase de dereitos ou intereses sobre os bens afectados, deberán acudir persoalmente ou representados por unha persoa debidamente autorizada, achegando os documentos acreditativos da súa titularidade, podéndose acompañar dos seus peritos e dun notario pola súa conta (art. 52.3 da Lei de expropiación forzosa).

Así mesmo, advírteselles a todos os interesados que poderán formular alegacións por escrito neste departamento territorial (Rolda da Muralla 70, Lugo) ata o momento do levantamento das actas previas, para os únicos efectos de corrixir os posibles erros cometidos na relación de bens e dereitos afectados (artigo 56.2 do regulamento da Lei de expropiación forzosa).

Esta publicación realízase igualmente para os efectos do artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, (BOE núm. 236, de 2 de outubro) cando os titulares dos predios propostos sexan descoñecidos, non se saiba o lugar de notificación, ou ben, tentada a notificación, non se puidera realizar (sen prexuízo da correspondente publicación no BOE) e así dirixirille ao Ministerio Fiscal as dilixencias que se produzan de conformidade co artigo 5 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954.

Lugo, 13 de maio de 2026.- O director territorial, Gustavo J. Casasola de Cabo.

ANEXO

Nº Predio	Políg.	Parc.	Paraxe	Cultivo	Propietario	Data Actas	Hora
1	70	219	Agro	Monte alto	Descoñecido	30/09/26	10:30
3	70	184	Agro	Monte alto	Descoñecido		10:30
4	70	191	Agro	Prado	Carmelina Rodriguez Otero		10:30

5	69	152	Carriouzos	Monte alto	Descoñecido	10:30
6	69	141	Carriouzos	Prado	Descoñecido	10:30
7/1	69	364	Broza	Prado	Javier Rey Quiroga	10:00
8	69	279	Carriouzos	Monte alto	Descoñecido	10:30

R. 1510

EXCMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SERVIZO DE RECURSOS HUMANOS E ASISTENCIA AOS CONCELLOS

Anuncio

PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE PRESIDENCIA DE DATA 8 DE XUÑO DE 2026 NA QUE SE APROBA A LISTAXE PROVISIONAL DE PERSOAS ADMITIDAS, COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL E DATA DE CONSTITUCIÓN E REALIZACIÓN DO PRIMEIRO EXERCICIO PARA O INGRESO COMO PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, EN DÚAS (2) PRAZAS DENOMINADAS VETERINARIO/A, INCLUÍDAS NA OEP DO ANO 2023 E 2024.

Tras ver a proposta da deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, a teor do seguinte texto:

“Por acordo da Xunta de Goberno de data 12.03.2021, apróbanse as bases xerais que regulan os procesos selectivos que convoque a Deputación Provincial de Lugo para cubrir prazas vacantes do cadro de persoal funcionario ou laboral fixo, incluídas nas Oferta de Emprego, acceso libre (cota xeral ou cota de reserva a persoas con discapacidade), publicándose no BOP núm. 101, do 06.05.2021.

Por acordo da Xunta de Goberno de data 22.08.2025 (BOP núm. 198, do 29.08.2025), apróbase a convocatoria e as bases específicas para o ingreso como persoal funcionario de carreira en dúas (2) prazas denominadas VETERINARIO/A, escala administración especial, subescala técnica, clase técnicos superiores, grupo A - subgrupo A1, polo sistema de concurso-oposición, acceso libre, correspondente á Oferta de Emprego Público dos anos 2023 e 2024.

Rematado o prazo de presentación de instancias o 23.10.2025, e para cumprimento do establecido na convocatoria e nas Bases Xerais 6, 7 e 8.1.2.1, propónse á presidencia que, en uso das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, RESOLVA:

1º.- Aprobar a seguinte listaxe provisional de persoas admitidas ao proceso selectivo:

NÚMERO	APELIDOS E NOME	DNI ANONIMIZADO
1	ÁLVAREZ BARATA, ANTÍA	***9634**
2	ALARCÓN FOLE, ÁLVARO	***4021**
3	DÍAZ FOLE, EMILIO SALVADOR	***2392**
4	DIÉGUEZ PÉREZ, LETICIA	***9392**
5	DOVAL ARZA, MANUEL	***0792**
6	FERNÁNDEZ PAZ, TAMARA	***6008**
7	GARCÍA DE AMEZAGA FERNÁNDEZ, LEIRE	***2079**
8	GARCÍA DÍEZ, MARTA MARÍA	***2880**
9	GASALLA DE MIQUEL, ÚRSULA	***8215**
10	GÓMEZ FERNÁNDEZ, MARÍA TERESA	***4329**
11	GRAÑA LENZA, MARÍA LUZ	***4520**
12	LAMAS RODRÍGUEZ, NEVIA AURELIANA	***2923**

NÚMERO	APELIDOS E NOME	DNI ANONIMIZADO
13	LÓPEZ CALVO, CLAUDIA	***4481**
14	MARIÑO RUZA, DIEGO	***0066**
15	OTERO COTO, MANUEL	***9376**
16	PAMPÍN SANDE, LUCÍA	***0606**
17	PARRA FERREIRO-MAZÓN, BEATRIZ	***7815**
18	PÉREZ BELLOSO, REBECA	***5873**
19	PÉREZ HIGUERA, ANA	***8252**
20	RIVERO CHAVER, NOELIA	***9152**
21	RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ, VERÓNICA DEL PILAR	***5795**
22	RONZA, PAOLO	***4038**
23	SILVARREY LÓPEZ, SABELA	***6055**
24	SOUTO MONTERO, ANA	***5259**
25	TEIRA CALDERÓN, RAMÓN	***6756**
26	VEIGA AGUIÓN, IGNACIO	***1041**
27	VERDES GIL, SONIA	***2974**
28	VILAR MODIA, MONTSERRAT	***4289**

2º.- Nomear as persoas membros do Tribunal cualificador que a continuación se sinalan, podendo actuar indistintamente titulares e suplentes:

PRESIDENTA.-

Titular: Don José Ramón Gallego Fernández, psicólogo na Sección de Selección, Promoción e Carreira da Deputación de Lugo..

Suplente: Dona Antía Pena Dorado, asesora técnica no Servizo de RRHH e Asistencia aos Concellos da Deputación de Lugo

VOGAIS.-

Titular: Don Luís Ángel Quintela Arias, profesor no Departamento de Patoloxía Animal da Facultade de Veterinaria da Universidade de Santiago de Compostela (Campus de Lugo).

Suplente: Don Juan José Becerra González, profesor no Departamento de Patoloxía Animal da Facultade de Veterinaria da Universidade de Santiago de Compostela (Campus de Lugo).

Titular: Dona Ana Belén Mera Arias, técnica superior edificacións e obras na Unidade de Proxectos da Deputación de Lugo.

Suplente: Don Luis Jesús Fernández Reija, xefe da Sección de Medioambiente da Deputación de Lugo.

Titular: Don Benedicto José Quijada Morandeira, xefe da Sección de Formación da Deputación de Lugo.

Suplente: Dona Carmen Lage Fernández, técnica de administración xeral - axente de emprego e desenvolvemento local no Departamento de Fondos Europeos da Deputación de Lugo.

SECRETARIO/A.-

Titular: Don José Antonio Mourelle Cillero, secretario xeral da Deputación de Lugo.

Suplente: Dona Leticia Rodríguez Díaz, secretaria-interventora no Servizo de Asistencia Xurídica, Técnica e Económica aos Concellos da Deputación de Lugo.

COLABORADORA.-

Dona Beatriz Valle Vara, auxiliar na Sección de Selección, Promoción e Carreira da Deputación de Lugo ou Dona Ana Pereira Marzán, responsable coordinadora procesos selectivos na Sección de Selección, Promoción e Carreira da Deputación de Lugo.

3º.- Citar aos membros do Tribunal para que comparezan o xoves 25 de xuño de 2026, ás 9 horas e 30 minutos, nas aulas de formación da Deputación Provincial de Lugo, para a súa constitución.

4º.- Citar aos membros do Tribunal e máis ás persoas aspirantes admitidas, para que comparezan o xoves día 2 de xullo de 2026, ás 9 horas e 30 minutos, nas aulas de formación da Deputación Provincial de Lugo, sitas en Canella da Deputación, núm.2., ao obxecto de realizar o primeiro exercicio do proceso selectivo.

5º.- Publicar a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia, na web corporativa da Deputación Provincial de Lugo (apartado emprego Público - recursos humanos) e no taboleiro de anuncios da entidade.

Contra a presente resolución que aproba a listaxe provisional, as persoas aspirantes disporán dun prazo de 10 días hábiles contados a partir do seguinte o da publicación da presente resolución no BOP para presentar alegacións.

De non presentarse alegacións á listaxe provisional considerarase esta definitiva sen necesidade de nova publicación transcorrido o prazo de 10 días hábiles dende a publicación da resolución aprobatoria no BOP.

Contra a listaxe definitiva (no suposto de non existir alegacións e considerarse a listaxe provisional definitiva) poderase interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición, ante o presidente no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao que se cumpra o prazo de 10 días hábiles dende a publicación da listaxe provisional no BOP ou ben recurso contencioso - administrativo ante o Xulgado Contencioso - Administrativo de Lugo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte da antes mencionada, sen prexuízo de que se interpoña calquera outra que se estime oportuno.

Cando as impugnacións teñan por causa a composición do Tribunal, rexeranse polo establecido nos artigo 23 e 24 da Lei 40/2015 de 1 de outubro do Réxime Xurídico do Sector Público.

Non obstante, as persoas interesadas poderán presentar as alegacións que estimen convenientes para a súa consideración na resolución que poña fin ao procedemento conforme ao artigo 112.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas."

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, RESOLVO:

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes.

Lugo, 8 de xuño de 2026.- O secretario xeral, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 1523

CONCELLOS**BURELA****Anuncio**

Aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o 28 de maio de 2026, o Padrón por liquidación das taxas do servizo de abastecemento domiciliario de augas, sumidoiros e recollida de lixo, así como o canón de auga da Xunta de Galicia, correspondente ao Primeiro Bimestre do exercicio 2026, procédese a apertura do período de información pública por prazo de vinte días hábiles a partir da publicación do presente edicto no B.O.P. durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido nas oficinas do Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario por período de dous meses a computar dende o día seguinte á presente publicación no BOP de Lugo.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 14 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local, no prazo dun mes, contado dende a finalización do período de exposición pública deste padrón fiscal no Boletín Oficial da Provincia.

Contra a resolución do recurso de reposición, expresa ou tácita, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, nos prazos sinalados no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa. Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas co municipio serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzan.

A falta de pagamento do Canon de Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa

ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 apartado 3 da Lei 58/ 2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria e 23 e 24 do R.D. 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Burela, 1 de xuño de 2026.- A alcaldesa, María del Carmen López Moreno.

R. 1513

Anuncio

EXPEDIENTES 849/2026 E 850/2026 ANUNCIO EXPOSICIÓN O PÚBLICO E COBRANZA S.A.F. FEBREIRO 2026.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Burela en sesión celebrada o día 28 de maio de 2026 acorda a aprobación inicial do Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de febreiro de 2026 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar por importe de 9.774,64 €, correspondendo 816,00 € a libre concorrencia e 8.958,64 € a dependencia. Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presenteponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de 15 días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 14 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante o alcalde - presidente, no prazo dun mes, contado dende a finalización do período de exposición pública deste padrón fiscal no Boletín Oficial da Provincia.

Contra a resolución do recurso de reposición, expresa ou tácita, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso- administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, nos prazos sinalados no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes teñen domiciliados os recibos, estes seranlles adedebados nas contas bancarias respectivas. Fíxase como período voluntario de cobramento o prazo de dous meses dende o día seguinte a publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Advírtese que, transcorrido o prazo de ingreso, as débedas serán esixidas polo procedemento de prema e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de demora e, no seu caso, as costas que se produzan.

A presente publicación, nos dous supostos, de anuncio de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

Burela, 1 de xuño de 2026.- A alcaldesa-presidenta, María del Carmen López Moreno.

R. 1514

A FONSAGRADA

Anuncio

Procedemento: Delegación de competencias por substitución transitoria do Alcalde da Corporación

Expediente número: 760/2026

Non sendo posible realizar as funcións propias da Alcaldía debido á situación de ausencia temporal do Presidente da Corporación durante o período de tempo que vai dendo dende o día 15 de xuño ata o 28 de xuño de 2026, ambos inclusive, e de conformidade e co disposto nos artigos 23.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e de acordo cos artigos 44 e 47 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro e conforme co previsto no artigo 63 da Lei 5/1997 de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; procedeuse mediante resolución de data 04.06.2026 á delegación da totalidade das funcións da Alcaldía deste Concello, no primeiro tenente de alcalde, Don José Gromaz Castro, dende o día 15 de xuño ata o 28 de xuño do 2026, ambos inclusive.

A Fonsagrada, 5 de xuño de 2026.- O alcalde, Carlos López López.

R. 1515

LOURENZÁ*Anuncio*

Anuncio de notificación de baja de oficio en el Padrón Municipal de Habitantes por caducidad

Con fecha 10 de febrero de 2026 se inicia expediente de baja en el Padrón de habitantes por caducidad, y se procede a lo siguiente:

1º.- Declarar el inicio de procedimiento de baja de oficio el Padrón Municipal de Habitantes de este Ayuntamiento, por caducidad de la persona que se relaciona a continuación:

D^a Alexandra Rodas Pareja, con documento n.º: ***4523*

2º.- No siendo posible practicar la notificación a la persona interesada, se inicia un plazo de quince días, que empezará a contar desde el día siguiente al de la publicación de este anuncio en el BOE, según lo dispuesto en el artículo 44 de la Ley 39/2021, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, para que la persona interesada presente ante esta Alcaldía las alegaciones que considere oportunas respecto a su situación en el Padrón de Habitantes.

3º.- De no presentar alegaciones en dicho plazo, y una vez recibido informe favorable del Consejo de Empadronamiento, se procederá a la baja en el Padrón Municipal de Habitantes del Concello de Lourenzá.

Lourenzá, 4 de junio de 2026.- La alcaldesa, D.^a Rocío López García.

R. 1517

MEIRA**EXPOSICIÓN PÚBLICA E ANUNCIO DE COBRANZA- PADRÓN FISCAL SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR**

Por Resolución da Alcaldía núm. 272/2026, de data 4 de xuño de 2026, prestouse aprobación ao padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de maio de 2026, na modalidade de SAF dependencia.

Segundo o disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao seu pagamento, que dispoñen dun prazo de QUINCE (15) días contados a partir da publicación do presente anuncio no BOP de Lugo, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, enténdéndose elevado a definitivo se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 14 do Real Decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da lei reguladora das facendas locais, os interesados poderán interpor recurso de reposición ante o Sr. Alcalde, no prazo de UN MES (1) contado dende a data de finalización do período de exposición pública deste padrón fiscal no BOP. Contra a resolución do recurso de reposición, non caberá de novo dito recurso.

Contra a resolución do recurso de reposición, expresa ou tácita, os interesados poderán interpor recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, nos prazos sinalados no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa. Non obstante poderán interpor calquera outro recurso que consideren oportuno.

Anuncio de cobranza

De conformidade co disposto nos artigos 24 e 25 del Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario dende o 4 de xuño de 2026 ao 3 de agosto de 2026.

Os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos seranlles cargados nas contas bancarias que designaron. Transcorrido o prazo de pagamento en período voluntario, as débedas serán esixidas polo procedemento de constrinximento cos correspondentes xuros de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A presente publicación, nos dous supostos, de anuncio de exposición ao público do padrón e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da lei 58/2023.

Meira, 4 de xuño de 2026.- O alcalde, Antonio de Dios Álvarez.

R.1516

PEDRAFITA DO CEBREIRO*Anuncio*

CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL MEDIANTE NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIO INTERINO NA MODALIDADE DE PROGRAMA ESPECÍFICO CON CARGO Ó PLAN DE HUMANIZACIÓN DO CONCELLO DE PEDRAFITA DO CEBREIRO.

POSTOS:

- **Postos de Oficial Primeira oficinas – Conductor.**
- **Postos de peóns.**

LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: No Rexistro Xeral do Concello de Pedrafita do Cebreiro ou a través de calquera dos medios que prevé o artigo 16.4 da Lei 39/15, de 01 de outubro, no prazo de **5 días hábiles**, contados a partir do seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no BOP. No suposto de presentarse a instancia fóra do Rexistro Xeral do Concello de Pedrafita do Cebreiro, será necesario adiantala por fax (982 367150), antes do remate do prazo, para que sexan tidas en conta.

SISTEMA DE SELECCIÓN: Concurso - Oposición, segundo o establecido nas bases que se encontran a disposición no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Pedrafita do Cebreiro

Pedrafita do Cebreiro, 5 de xuño de 2026.- O alcalde, José Luis Raposo Magdalena.

R. 1509